



INSTRUCCIÓN PARA LEGALIZAR DOS LIBROS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS

O Art. 34 do Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, Decreto 85/2014, do 3 de xullo, establece que os libros de actas dos órganos de goberno e representación, os libros de rexistro de dos membros, así como os libros de contabilidade e os libros de inventarios de bens mobles e inmobles das entidades deportivas inscritas cuxa levanza sexa obrigatoria de conformidade co establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, deberán estar debidamente encadernados e foliados, e deberán estar legalizados polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia mediante dilixencia antes de seren utilizados. No entanto os libros de contabilidade poderán ser legalizados despois sempre que a entidade deportiva leve os libros de maneira informatizada. Neste suposto deberán ser presentados para a súa legalización dentro dos catro meses seguintes á finalización do exercicio económico

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

Os libros obrigatorios das entidades deportivas son: *Libro de Actas, Libro de Rexistro de Socios, e Libros de Contabilidade*. Estes libros deberán legalizarse en branco antes de ser utilizados, agás no caso dos libros de contabilidade que poderán legalizarse dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio contable sempre e cando esta se leve de xeito informatizado.

Para a súa legalización, as entidades deportivas **deberán remitir os libros á Federación Galega de Caza xunto con 1 copia da seguinte documentación, debidamente cumprimentada e firmada en orixinal, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos, etc) que nos Estatutos da Entidade (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación), e a FGC encargarse de realizar este trámite co Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.**

- 1. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento PR946C), polo que se autoriza á FGC para tramitar a modificación dos Estatutos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse unicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado **“Nome/Razón Social”** o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de **“E, na súa representación”** o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

Este documento deberá asinalo o presidente ou representante da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.

- 2. TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Á documentación anterior unirase o **Exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma. Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargarse de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.

O importe da taxa é pola presentación de libros, independentemente do número deles que se presenten, é dicir cada vez que se presenten libros aboarase unha taxa.
